

ACTA CONCURSO DE CARTEIS 'QUIN ALBORÉS' -NIGRANJAZZ 2023

Nigrán, 23 de Maio de 2023

Recibidas correctamente 81 propostas ao correo establecido nas bases info@nigran.org e 1 de maneira física por Rexistro para participar no concurso de carteis do Concello de Nigrán 'Quin Alborés' dotado con 500 € e que representará a imaxe do Nigranjazz 2023, os seis membros do xurado reúnen-se na oficina de Prensa do Concello ás 10:30 horas para valorar os traballos tendo en conta a calidade artística, o impacto visual, a vinculación coa estética do jazz e a lexibilidade dos carteis presentados para seleccionar ao gañador.

Tras unha primeira deliberación nunha primeira votación selecciónanse claramente os finalistas baixo os lemas:

- **Jazz nada te pido**
- **Bajo flores**
- **Duck Jazz**
- **El ritmo a seguir**

Sobre estes 4 finalistas o xurado delibera longamente e volve a votar, **resultando gañador: 'Jazz nada te pido' baixo a autoría de Melchor De Ponte Caicoya**

O xurado destaca a orixinalidade do cartel, que se afasta de gañadores das edicións anteriores e de motivos xa moi repetidos incluso entre as propostas presentadas novamente, como pode ser a fauna do esteiro. Ademais de valorar esta ruptura coa estética dominante o xurado ten en conta que o propio cartel remite claramente ao mundo clásico do jazz e ao seu estilo, cunha

gama cromática elegante e unha tipografía art-decó, mentras que outras propostas técnicamente intachables estaban moi alonxadas de calquera estética 'jazzera' e da propia singularidade do festival Nigranjazz.

Por todo elo, e despois dunha longa deliberación, o Xurado considera unanimemente que esta é o mellor candidato para promover o Nigranjazz 2023 e abrir novas vías a propostas estéticamente máis diversas e con novos motivos nas vindeiras edicións.

Nigrán, 23.05.23

Asinado. O Xurado:

Juan A. González Pérez (Alcalde de Nigrán-Presidente)

Felipe Villar Andrade (Secretario- director do Festival Nigranjazz),

Álvaro Fernández Alborés (Vogal - Irmán de Quin Alborés)

María Villar Andrade (Vogal-Responsable de Comunicación Concello Nigrán)

Natalia Gomes (Vogal -Deseñadora Gráfica)

Olalla Fernández (Vogal - Deseñadora Gráfica)